

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.1. Constitución do Parlamento

2.4.1.2. Constitución de órganos parlamentarios

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de agosto de 2020, polo que se toma coñecemento do escrito da portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego en que comunica a designación do deputado D. Luis Bará Torres como portavoz adxunto

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o escrito da portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, no que comunica a designación do deputado D. Luis Bará Torres como portavoz adxunto (doc. núm. 534).

Visto o artigo 23.1 e 2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Tomar coñecemento da designación de D. Luís Bará Torres como portavoz adxunto do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Comunicar este acordo ás unidades administrativas competentes da Administración da Cámara e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo, do 2 de setembro de 2020, de resolución do proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento do Parlamento do 8 de xullo de 2019, anúnciase o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia e apróbanse as bases reguladoras do procedemento (DOG núm. 142, do 29 de xullo).

O tribunal cualificador, na sesión do 30 de xullo de 2020, acordou propor á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso de David González Alonso no corpo superior do Parlamento de Galicia como persoal funcionario de carreira.

De conformidade co establecido na base 7.1 da convocatoria, os aspirantes dispuxeron dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte á data de publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 655, do 7 de agosto de 2020, para presentaren alegacións.



Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.2 das bases do antedito procedemento, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Finalizar o procedemento selectivo para ingresar nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia e aprobar o seu resultado a favor de David González Alonso como persoal funcionario de carreira.

2º. Notificarlle este acordo a David González Alonso, quen, de conformidade coa base oitava da convocatoria, disporá dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para presentar, se for o caso, a documentación prevista na citada base.

3º. Comunicar este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para os efectos de lle dar efectividade á execución do disposto no punto 2º) deste acordo.

4º. Constituír unha listaxe de espera con Natalia Noya Corbelle, Ainhara Maite Orodea Piñeiro, David Martín Utrera Iglesias e Sergio Lueiro Busto, conforme o disposto na base décima da convocatoria, para cubrir necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

